

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS DO
DEPARTAMENTO DE GREGO

I.E.S. Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia, Ourense)
Curso 2020-2021

ÍNDICE

Programación Cultura Clásica, 3º de ESO: páxinas 4-28

- Introducción 4
- Contextualización 6
- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.....7
- Instrumentos de avaliación16
- Criterios de cualificación.....17
- Metodoloxía didáctica.....17
- Materiais e recursos didácticos.....19
- Procedemento para a avaliación inicial.....20
- Procedemento de avaliación continua.....20
- Procedemento de avaliación extraordinaria.....20
- Procedemento para o seguemento e avaliación de materias pendentas.....20
- Adaptacións da programación ao contexto de ensino non presencial..... 21
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....24
- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....28

Programación Cultura Clásica, 4º de ESO: páxinas 29-51

- Introducción 29
- Contextualización31
- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.....32
- Instrumentos de avaliación 40
- Criterios de cualificación..... 41
- Metodoloxía didáctica..... 41
- Materiais e recursos didácticos..... 42
- Procedemento para a avaliación inicial.....43
- Procedemento de avaliación continua.....43
- Procedemento de avaliación extraordinaria.....43
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..... 44
- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....48
- Anexo I: Plan de reforzo e recuperación.....49
- Anexo II Escenarios posibles: actividade lectiva non presencial.....49

Programación Grego I, 1º de Bacharelato: páxinas 52-74

- Introducción52
- Contextualización55
- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

de cada un, competencias clave, elementos transversais...	56
○ Instrumentos de avaliación	66
○ Criterios de cualificación.....	66
○ Metodoloxía didáctica.....	67
○ Materiais e recursos didácticos.....	68
○ Procedemento para a avaliación inicial.....	68
○ Procedemento de avaliación continua.....	68
○ Procedemento de avaliación extraordinaria.....	69
○ Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	69
○ Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....	73

Programación Grego II, 1º de Bacharelato: páxinas 75-98

○ Introducción	75
○ Contextualización	75
○ Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.....	76
○ Instrumentos de avaliación	86
○ Criterios de cualificación.....	86
○ Metodoloxía didáctica.....	86
○ Materiais e recursos didácticos.....	87
○ Procedemento para a avaliación inicial.....	88
○ Procedemento de avaliación continua.....	88
○ Procedemento de avaliación extraordinaria.....	88
○ Procedemento para avaliar alumnado coa materia pendente..	88
○ Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	89
○ Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....	92

Actividades extraescolares.....93

Apéndice sobre cambio de escenario

(Grego I e II)95

CULTURA CLÁSICA

3º E.S.O.

- **Introdución**

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia que tivo na cultura occidental e a da súa presenza aínda hoxe. Tamén se quere que cheguen a comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompañaase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta mesma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as

festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual aproveitarase para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a

ética.

- **Contextualización**

O alumnado que escolleu Cultura Clásica neste curso é moi diferente entre si: algúns deles amosan unha actitude moi favorable cara á materia, e outros parece que escolleron a materia porque lles pareceu mais sinxela que outras opcións, pero non mostran interés pola mesma.

Por outra parte, o número de alumnado matriculado préstase a levar a cabo actividades variadas e dinámicas, ofrecendo a posibilidade de poñer en práctica nalgúns temas a aprendizaxe por proxectos ó poder facer varios grupos.

Finalmente cómpre destacar que o contexto xeográfico e cultural no que nos atopamos favorece o achegamento á materia de Cultura Clásica mediante a presenza de restos romanos materiais no propio centro escolar -marco das Antas, miliario romano-, e nas súas proximidades: recinto arqueolóxico de Xinzo de Limia, Vía Nova, campamento romano de Aquis Quaerquennis, Sta. Mariña de Augas Santas etc., así como a celebración da Festa do Esquecemento que achega, dende un punto de vista lúdico, o mundo romano ó actual.

- **Obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**

PRIMEIRO TRIMESTRE

Bloque 1. Xeografía

TEMPORALIZACIÓN: 8 sesións

OBXECTIVOS: f/o

CONTIDOS: Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
- Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
- Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Sinala nun mapa os seguintes puntos: Roma, mar Mediterráneo, Gallia, Hispania, Grecia, Atenas, mar Exeo.
- Indica o ámbito de influencia das culturas grega e romana

COMPETENCIAS CLAVE: CMCCT, CD, CAA, CSC

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: C.L, EOE,

Bloque 2. Historia

TEMPORALIZACIÓN: 8 sesións

OBXECTIVOS: e/f/g/ñ/o

CONTIDOS:

- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.

- Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.
 - Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.
 - Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
 - Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
 - Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
 - Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.
 - Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.
 - Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.
 - Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Elabora e explica un eixe cronolóxico cos principais fitos históricos de Grecia e Roma
- Elabora textos coherentes referidos os distintos períodos da historia de Grecia e Roma
- Contextualiza na historia de Roma a conquista e romanización da península Ibérica e de Gallaecia.
- Expresa con exemplos a pervivencia da cultura clásica no seu contorno tanto físico como cultural.

COMPETENCIAS CLAVE: CSC, CAA, CSEC, CCL, CMCCT, CD, CSIEE

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, CA, TIC.

Bloque 3. Mitoloxía

TEMPORALIZACIÓN: 8 sesións

OBXECIVOS: a, b, e, ñ

CONTIDOS

- O panteón grego e romano: deuses e heroes

- Relixión grega
- Relixión romana: culto público e privado

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
- Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.
- Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.
 - Identifica dentro do imaxinario mítico deuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
 - Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
 - Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
 - Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
 - Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
 - Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Distingue e recoñece os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Distingue e recoñece os principais heroes da mitoloxía grecolatina.
- Elabora textos coherentes nos que aparecen deuses e heroes poñendo de manifesto os seus atributos e funcións.
- Elabora textos coherentes sobre a relixión grega e romana, nos que indica as súas particularidades fronte a relixións actuais.
- Define con claridade conceptos clave no feito relixioso grego e romano: deus, heroe, santuario,

templo, sacrificio, oráculo...

COMPETENCIAS CLAVE: CAA, CSC, CCEC, CCL, CD

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, CA, TIC.

SEGUNDO TRIMESTRE

Bloque 4. Arte

TEMPORALIZACIÓN: 8 sesións

OBXECTIVOS: l, b, ñ, e

CONTIDOS

- Fundamentos da arte clásica.
- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.
- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.
- Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.
- Herdanza clásica no patrimonio artístico.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.
- Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.
- Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.
- Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.
- Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
 - Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
 - Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.
 - Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo,

identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Recoñece manifestacións artísticas gregas e romanas.
- Encadra no seu período histórico as principais manifestacións artísticas gregas e romanas.
- Describe as grandes obras públicas romanas, distinguindo as súas funcións: acuedutos, pontes, vías, teatros, anfiteatros...
- Localiza nun mapa 5 monumentos clásicos do patrimonio hispano e europeo.

COMPETENCIAS CLAVE: CAA, CSC, CCEC, CD

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, CA, TIC.

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá

TEMPORALIZACIÓN: 10 sesións

OBXECTIVOS: a, c, d, g, h, m, ñ.

CONTIDOS

- Organización política en Grecia e en Roma.
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.
- A familia en Grecia e Roma.
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- Espectáculos públicos en Grecia e Roma.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.
- Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.
- Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
- Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.
- Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.
- Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.
- Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.

- Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.
- Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.
- Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.
- Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.
- Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
- Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Diferencia os sistemas políticos desenvolvidos en Grecia e Roma: monarquía, tiranía, imperio, república, democracia.
- Recoñece órganos de goberno dos distintos sistemas de goberno gregos e romanos: asembleas, consellos, Senado, maxistraturas...
- Pon en relación os sistemas políticos gregos e romanos cos actuais.
- Distingue as clases sociais gregas e romanas.
- Elabora textos coherentes sobre as formas de lecer en Grecia e Roma.
- Elabora textos coherentes sobre os Xogos Olímpicos en Grecia, poñendo de manifesto as semellanzas e diferenzas cos actuais.

COMPETENCIAS CLAVE: CD, CAA, CSC, CCL, CSIEE, CMCCT

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, CA, TIC, ECC. Neste bloque temático cobra especial relevancia aspectos transversais que poñen de manifesto as discriminacións na época grecolatina por razón de xénero, condición social, nacemento etc. Procurarase fomentar o debate para chegar a valorar a situación actual fronte a antiga, poñendo tamén de relevo aspectos discriminatorios tradicionais que aínda perviven e que é preciso botar fóra.

TERCEIRO TRIMESTRE

Bloque 6. Lingua e literatura

TEMPORALIZACIÓN: 12 sesións

OBXECTIVOS: e, f, h, l, ñ, o

CONTIDOS

- Historia da escritura. Signos e materiais.
- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- As linguas romances.
- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.
- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.
 - Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.
 - Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.
 - Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.
 - Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.
 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.
 - Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.
 - Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.
 - Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.
 - Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.
 - Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.
 - Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.
 - Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.
 - Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.
 - Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis
 - Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as

romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

- Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.
- Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
- Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.
- Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.
- Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.
- Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
- Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.
- Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.
- Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.
- Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Distingue o alfabeto grego e o romano, poñendo de manifesto a súa vinculación xenética.
- Distingue e explica os conceptos seguintes referidos á orixe das linguas modernas: método comparativo, linguas indoeuropeas, linguas romances.
- Enumera helenismos e latinismos
- Exemplifica o paso do latín ó galego ou castelán coa evolución de algunhas palabras.
- Nomea os autores máis importantes da literatura grega e latina, encadrándoos no seu xénero literario.

COMPETENCIAS CLAVE: CD, CAA, CSC, CCL, CMCCT

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE

Bloque 7. Pervivencia na actualidade

TEMPORALIZACIÓN: 12 sesións

OBXECTIVOS: b, e, l, n, ñ

CONTIDOS

- A Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

- Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.
- Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
- Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
- Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.
- Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.
- Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.
- Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.

GRAO MÍNIMO DE CUMPLIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Sinala e describe con exemplos a presenza de aspectos da cultura e civilización grecolatina na actualidade
- Obtén información e realiza traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na nosa cultura, mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

COMPETENCIAS CLAVE: CD, CAA, CSC, CCL

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, CA, TIC.

Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación que se empregarán para comprobar se se acadaron os obxectivos, estándares de aprendizaxe e as competencias clave son os mesmos para todos os bloques temáticos, polo que non os reflectimos individualmente, en cada bloque temático, senón de xeito conxunto:

- Probas escritas, podendo consistir en: preguntas cortas de respostas directas; definicións; preguntas teóricas que requiren redacción coidadosa; mapas; liñas do tempo; recoñecemento de imaxes referentes ó mundo clásico.
- Probas orais nas que o alumnado debe amosar unha expresión correcta e fluída, ademais de amosar dominio do tema.
- Traballos feitos individualmente ou en grupo, en distintos formatos.
- Caderno de clase: farase unha revisión periódica
- Anotacións procedementais derivadas da observación directa, como saídas didácticas na clase, capacidade organizativa, presentación dos traballos, etc.
- Valoración da curiosidade e interese pola materia, do comportamento, da integración no grupo de traballo, creatividade e investigación persoal.

- **Criterios de cualificación**

NOTAS DE CLASE (tarefas diarias en casa e na clase. Cuaderno de clase)	10%
NOTA MEDIA DAS PROBAS OBXECTIVAS DO TRIMESTRE	70% (De non realizarse actividades extraescolares puntuables, a valoración das probas suporá un 80%) Nos exames indicárase a puntuación de cada cuestión. Ademais da puntuación obxectiva acadada en cada apartado, terase en conta e valorárase o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> • Faltas de ortografía e puntuación: descontárase 0'1 pts. Por cada erro ortográfico e de puntuación. • Presentación: orde, claridade, caligrafía e respecto polas marxes. Por cada un dos elementos considerados na presentación poderase descontar ata 0,5 puntos. • Expresión: valorárase a correcta utilización da lingua vehicular, tendo en conta a riqueza léxica e semántica usada nas respostas. Este criterio ten valor positivo: unha mellor expresión significará unha maior cualificación na proba ou traballo: ata 0'5 pts. sumados sobre a nota final. • Será necesario obter unha cualificación mínima de 3 en cada proba escrita que se realice.
TRABALLOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS	10%
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES -se as houbese-	10%
RECUPERACIÓN.	Realizaremos unha proba escrita para a recuperación de cada trimestre.

- **Metodoloxía didáctica**

A metodoloxía que se empregará para o ensino da Cultura Clásica será a utilización dunha perspectiva global e interdisciplinar. Deste modo, promoverase o desenvolvemento do hábito de relacionar, integrar e transferir coñecementos, procedementos e actitudes a outras áreas, así como a conseguinte motivación intrínseca cara ao mundo clásico.

Ademais, o carácter integrador da área e o feito de ser unha materia optativa permite desenvolver a atención á diversidade e traballar procedementos e actitudes dende unha concepción global do coñecemento.

No método de ensinanza-aprendizaxe entendemos que temos que cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos e alumnas, coa fin de que resulten motivadoras.

Seguiranse ademais as seguintes pautas metodolóxicas xerais:

- Estimular a expresión oral e escrita.
- Favorecer o hábito lector.
- Planificar e elaborar pequenos traballos de investigación.
- Facilitar a progresión na aprendizaxe da materia: os contidos, unha vez asimilados, serán retomados constantemente ao longo do proceso educativo; unhas veces cambia a súa tipoloxía, outras retómanse como contidos interdisciplinares.

- Fomentarse a interrelación e a globalización á hora de enfrontarse cos contidos dunha unidade.
- A utilización de materiais audiovisuais, xa que conforman outra maneira de comprender e expresar a realidade.

- O uso do ordenador para a búsqueda de información e para traballar na autoavaliación.
- A programación de saídas e visitas culturais que conecten cos contidos que se imparten na aula.

En termos xerais, utilizarase unha metodoloxía de traballo variada coa finalidade de que sexa adaptable ás peculiaridades do alumnado e responda á súa diversidade, utilizando procedementos e recursos múltiples que susciten o interese e se adapten ós distintos ritmos de aprendizaxe.

En cada unidade o proceso ensino-aprendizaxe realizarase mediante as seguintes actividades, procurando a variedade mencionada:

- Actividades de introdución e coñecementos previos: tratan de inducir o interese do alumnado polo contido da unidade. Poñen de relevo os coñecementos previos sobre o que se vai desenvolver. Poderase presentar en forma de textos ou imaxes alusivas.
- Actividades de desenvolvemento: permiten coñecer o conceptos, procedementos e actitudes. Lectura comprensiva de textos, realización de actividades de comprensión, análise e valoración.
- Actividades de síntese e resumo: facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos; favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación e ampliación. : permiten contrastar as ideas novas coas previas, aplicar aprendizaxes, profundizar nos contidos que máis lle interesen.
- Actividades de recuperación: programadas para o alumnado que non acadou o grao mínimo de cumprimento dos estándares.

Materiais e recursos didácticos

- O libro de texto: Cultura Clásica de Anaya
- Dicionarios etimolóxicos, de linguas modernas e clásicas.
- Revistas especializadas e prensa escrita en xeral.
- Textos clásicos (en latín e en traducións).
- Mapas e atlas históricos.
- Materiais audiovisuais sobre aspectos culturais da materia.
- Blogs do departamento. www.latinantioquia.blogspot.com, [www.civitas limicorum-Atenas](http://www.civitaslimicorum-Atenas.com).

O centro conta cunha biblioteca que este departamento utilizará e dará a coñecer aos seus alumnos.

A aula de informática tamén nos servirá para acercar a internet ó noso alumnado.

Todo este material axudaralles na realización de traballos, na aprendizaxe por proxectos e como material de apoio para a materia.

- Correo electrónico.
- Aula virtual do centro.
- Servizo de videoconferencia Webex.

- **Procedemento para a avaliación inicial**

Procederase á avaliación inicial por medio dun breve cuestionario (que enviarán ao correo electrónico do profesor) nos primeiros días do curso, sobre:

- Coñecementos previos sobre a materia
- Coñecementos básicos de tipo lingüístico
- Capacidade de expresión oral e escrita

- **Procedemento de avaliación continua**

Ó longo do curso levarase a cabo un control continuado do progreso do alumnado mediante os instrumentos de avaliación xa mencionados.

Todo isto servirá de elemento avaliador da asimilación de contidos da materia e de comprobación de consecución de obxectivos.

Valorarase o traballo diario individual e en grupo, a participación, a actitude e o bo comportamento.

En cada avaliación realizarase como mínimo unha proba escrita. Cando sexan varias, a cualificación será o resultado de achar a media das puntuacións obtidas. Coa condición de que, no caso das probas escritas, ningunha fose puntuada cunha cualificación inferior ao 3. En caso contrario, a puntuación media non poderá ser superior a 2 (con independencia da media real). Os traballos obrigatorios entregados fora de prazo recibirán unha cualificación máxima de 4.

Se se sorprende a un/unha alumno/a copiando durante a realización dunha proba escrita, retiraráselle o exame e a cualificación será de 0. Se a redacción dun traballo obrigatorio ou voluntario coincide en máis dun 60%, aproximadamente, con algunha(s) páxina(s) web, a puntuación será de 0.

Considérase que se obtivo unha avaliación positiva cando a nota conxunta das tarefas diarias, media das probas obxectivas, traballos e actividades extraescolares sexa igual ou superior a 5. No caso das cifras con decimais, por encima de 0'75 redondéase á cifra inmediatamente superior e por baixo de 0'75 á inmediatamente inferior.

- **Procedemento de avaliación extraordinaria**

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acadase cualificación positiva na convocatoria de xuño. Na data de setembro que acorde o centro educativo realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.

As probas de recuperación extraordinarias terán como contidos mínimos os incluídos na presente programación e á disposición da Comunidade Educativa na Xefatura de Estudos do Centro. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.

• **Procedemento para a atención á diversidade**

Para atender as diferenzas entre o alumnado contémplanse dous tipos de medidas que o profesor porá en funcionamento tan pronto como detecte diferenzas na aprendizaxe que así o aconsellen:

- Actividades de reforzo para os alumnos que teñan dificultades para acadar os contidos mínimos: novas lecturas con explicacións máis sinxelas e novas actividades para a asimilación e aplicación dos contidos.

- Actividades de ampliación e afondamento para os alumnos con capacidades máis altas: lecturas que amplíen e problematicen aspectos do temario e actividades relacionadas con estas.

No caso de que haxa alumnos con necesidades educativas especiais, o departamento de filosofía, en conexión co, e seguindo as recomendacións do, departamento de orientación, establecerá as modificacións/adaptacións que sexan necesarias na programación da materia así como confección de fichas/actividades axustadas ás capacidades e necesidades de tales alumnos/as.

• **Procedemento para o seguimento e avaliación de materias pendentes**

Ó inicio de curso comunicarase ó alumnado coa materia pendente o grao mínimo de cumprimento dos estándares cos que se lles avaliará positivamente.

Estableceranse dúas datas para realizar dúas probas obxectivas: unha no mes de febreiro e outra no mes de xuño.

A proba de febreiro comprenderá os bloques temáticos 1, 2, 3 e 4. A de xuño, de ter aprobado a de febreiro, comprenderá os bloques temáticos 5, 6 e 7. En caso de non ter aprobada a proba de febreiro, a de xuño abarcará a totalidade da materia.

O alumnado utilizará o libro de texto para preparar os contidos, facendo as actividades que a profesora indicará nas sesións de titoría das que falamos a continuación.

Durante o curso estableceranse varias sesións de titoría para este alumnado, nas que se indicarán tarefas e actividades encamiñadas ó cumprimento dos obxectivos. Nestas sesións resolveráanse as dúbidas que o alumnado presente.

Contémplase tamén a posibilidade de facer traballos de investigación que poderán substituír un 50% como máximo dos contidos nas probas obxectivas.

Os criterios de cualificación serán os mesmos da avaliación ordinaria no apartado de probas obxectivas.

• **Adaptacións da programación ao contexto dun ensino non presencial**

1) Aprendizaxes imprescindibles:

Bloque 1:

- Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo

conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

Bloque 2:

- Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
- Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
- Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.

Bloque 3:

- Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia
- Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
- Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.

Bloque 4:

- Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.
- Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
- Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
- Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas

Bloque 5:

- Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.
- Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.
- Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.
- Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

Bloque 6:

- Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
- Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.
- Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.

- Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e reconece a súa influencia na literatura posterior.
- Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.

Bloque 7:

- Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.
- Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.

2) Adaptación dos instrumentos de avaliación

De todos os procedementos e instrumentos sinalados no apartado correspondente descártanse aqueles que non poidan realizarse de xeito telemático.

Os distintos tipos de actividades seleccionadas terán que ser entregadas telemáticamente dentro dun prazo que se indicará previamente e, nalgúns casos, fíxase tamén a duración máxima e outras posibles condicións para a súa realización e entrega.

3) Adaptación dos criterios de cualificación

No caso de que a prolongación temporal do ensino non presencial o aconselle, os criterios de cualificación adaptaranse á situación do seguinte modo:

- a) O 100% da cualificación virá determinada polas actividades presentadas.
- b) No caso de que non se poidan realizar ningunha proba obxectiva presencial, a cualificación global dunha avaliación será o resultado da media das puntuacións obtidas nos distintos grupos de actividades entregadas. Pero só se respectará a puntuación media obtida (cando sexa igual ou superior a 5) se se entregaron como mínimo o 75% das actividades establecidas e o 100% de certas actividades específicas; en caso contrario a puntuación non poderá superar o 4.
- c) Certas grupos de actividades (por ser máis complexas ou ter que ser realizadas en condicións máis estritas) terán un valor superior ao resto. O profesor o comunicará con antelación ao alumnado.
- d) Se o profesor detecta máis dun 60% de coincidencias literais na redacción das actividades dun(unha) alumno(a) coas doutro(a) compañeiro(a) ou coa dunha páxina web, a puntuación será un 0.

4) Adaptación dos procedementos de recuperación

En caso de non poder realizar de xeito presencial as probas de recuperación, substituiranse por un bloque de actividades seleccionadas polo profesor (enviadas e entregadas telemáticamente) referidas aos contidos da avaliación correspondente.

• **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Despois de cada unidade didáctica, o profesor analizará e avaliará o proceso ensino-aprendizaxe, co fin de observar:

- a adecuación dos materiais
- a adecuación dos procedementos
- a temporalización
- outras cuestións.

Utilizaremos as seguintes rúbricas para a autoavaliación do profesorado.

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE M
PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		

	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		
--	---	--	--

	INDICADORES	VALORACIÓN
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.	
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.	
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.	
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.	
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.	

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Tendo en conta que o alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se emprega, como é o noso caso, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, tratarase de non facer un punto e final co estudo do grego clásico, senón que se evidenciará a súa pervivencia hoxe co estudo, aínda que superficial, do grego moderno.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcrición ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. A sintaxe centrarase en estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo

progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos, sendo sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexa en cada momento.

Dado que os textos teñen uns contidos faceráse fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

O bloque temático adicado ó estudo desta civilización pretende identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental.

Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando

un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

2. Contextualización

O contexto extraordinario e inestable derivado da situación sanitaria (Covid 19) vai determinar a elaboración e aplicación desta programación.

Por unha parte, partimos dunha situación na que o alumnado non adquiriu todas as aprendizaxes no curso anterior polo que será preciso facer axustes curriculares segundo as necesidades do grupo e tamén as individuais derivadas dos resultados da avaliación inicial, alomenos, durante o primeiro trimestre deste curso.

Asemade, contémplanse tres posibles escenarios, que a día de hoxe é imposible concretar, debido á situación sanitaria cambiante e imprevisible: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Por iso, é preciso prever as adaptacións necesarias para o ensino non presencial ou semipresencial identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Con esta perspectiva, darase preferencia ás actividades que utilicen recursos dixitais, xa que estas pódense adaptar ó ensino presencial e non presencial, tanto para o traballo en grupo coma individual.

Todas estas circunstancias excepcionais, vense favorecidas polas características do alumnado das materias asignadas a este departamento, xa que se trata de grupos reducidos o que xa, en circunstancias normais, permitía una metodoloxía máis dinámica e personalizada, despois de observar nas primeiras sesións as características como grupo e tamén os intereses, habilidades e necesidades particulares.

A experiencia de anos anteriores aconsella observar nas primeiras sesións as destrezas de cadaquén en cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe nas linguas coñecidas polo alumnado, xa que carencias deste tipo impiden comezar ben o achegamento a unha lingua nova como é o grego.

Por outra parte, tamén derivado da experiencia anterior, o alumnado, que en moitos casos cursou Cultura Clásica e Latín, adoita chegar moi motivado con respecto ós temas de cultura e civilización, o que facilita a introdución deste temas.

Neste curso, hai unha persoa que non cursou ningunha destas materias, polo que será preciso prestarlle máis atención xa que esa falla repercute na súa destreza na comprensión do sistema lingüístico grego, no uso do sistema de casos e outras particularidades que comparte co latín.

Coa fin de traer o helenismo ó mundo de hoxe, aproveitarase a presenza de novas nos medios de comunicación relacionadas con Grecia especialmente pola situación dos refuxiados na illa de Lesbos e pola evolución da pandemia. Con estas referencias preténdese:

- Evitar a idea de que o que se estuda en Grego é unha realidade ancorada no pasado, ou incluso morta.
- Proxectar o pasado das civilizacións que se desenvolveron en torno ó Mediterráneo no presente, amosando o paralelismo de situacións pasadas e presentes.
- Mellorar a motivación do alumnado con respecto ó que se estuda en Grego.

3. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización

dos contidos, criterios de avaliación,estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais

Con respecto á secuenciación e temporalización dos contidos teremos en conta o seguinte:

- En cada bloque de contidos aparece indicado o número de sesións que se lle adicarán, aínda que non se correspondan con sesións completas de clase, xa que, según se indica na metodoloxía, procurarase introducir temas de cultura e civilización entre os de lingua.
- O tempo adicado a cada bloque temático corresponde co peso na calificación final: 70% contidos lingüísticos -bloques 1, 2, 3, 4 e 6-, 20% contidos de cultura e civilización -bloque 5-, 10% léxico -bloque temático 7-.

Bloque 1. Lingua grega

TEMPORALIZACIÓN: 20 sesións

OBXECTIVOS: a/ d/ g/ h/ n

CONTIDOS:

- Marco xeográfico da civilización e da lingua grega.
- Familias lingüísticas. O indoeuropeo.
- Historia da lingua grega: do micénico ó grego moderno.
- Variedades dialectais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.
- Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas.
- Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo.
- Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
- Coñecer as etapas da historia da lingua grega.
- Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.
- Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual.
- Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.
- Explica o concepto de familia lingüística.
- Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.
- Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.
- Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.

- Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.
- Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.
- Identifica a escritura Lineal B como un silabario.
- Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.
- Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES

- Sitúa nun mapa o contexto xeográfico da lingua grega.
- Identifica e le a escritura grega alfabética antiga e moderna
- Coñece o concepto de familia lingüística
- Define e explica o concepto *indoeuropeo*
- Enumera e sitúa nun mapa varias linguas indoeuropeas

COMPETENCIAS CLAVE: CD,CCL,CSC, CAA,CCEC

ELEMENTOS TRANSVERSAIS:CL, EOE, TIC,

Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos

TEMPORALIZACIÓN: 8 sesións

OBXECTIVOS: a/ d/ e/ f/ g/ h

CONTIDOS:

- Orixes da escritura. Sistemas de escritura.
- Orixes e evolución do alfabeto grego.
- Caracteres do alfabeto grego.
- Clasificación dos fonemas: pronuncia.
- Signos diacríticos e de puntuación.
- Transcrición de termos dos caracteres gregos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
- Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade.
- Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lellos coa pronuncia correcta.
- Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.
- Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.
- Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa

colocación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns dou- tros.
- Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.
- Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.
- Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.
- Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.
- Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos ao galego e ao castelán.
- Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES

- Coñece o alfabeto grego, a súa orixe e pronuncia
- Clasifica os fonemas presentes no grego antigo
- Transcribe o galego ou castelán termos procedentes do grego
- Coñece e aplica na lectura os signos de puntuación e diacríticos.

COMPETENCIAS CLAVE: CCL

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE

Bloque 3. Morfoloxía

TEMPORALIZACIÓN: 25 sesións

OBXECTIVOS: d/ e/ f

CONTIDOS:

- O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.
- Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas.
- Flexión nominal e pronominal.
- Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos.
- Formas verbais persoais e non persoais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer o concepto de flexión lingüística.
- Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.

- Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
- Comprender o concepto de declinación/flexión.
- Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.
- Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.
- Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.
- Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
- Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.
- Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.
- Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
- Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.
- Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.
- Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.
- Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.
- Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
- Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.
- Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
- Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES

- Diferencia linguas flexivas de non flexivas
- Distingue palabras variables de invariables en grego
- Analiza morfoloxicamente substantivos, adxectivos, pronomes e verbos -formas persoais e non persoais-
- Traslada á tradución os resultados das análises morfoloxicas.

COMPETENCIAS CLAVE: CCL, CCA

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE

Bloque 4. Sintaxe

TEMPORALIZACIÓN: 20 sesións

OBXECTIVOS: d/ e/ f/ g/ h/i

CONTIDOS:

- Casos gregos.
- Concordancia.
- Elementos da oración.
- Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- Oracións compostas.
- Construcións de infinitivo.
- Construcións de participio.
- Análise e tradución de frases e textos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
- Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.
- Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).
- Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.
- Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
- Distinguir as oracións simples das compostas.
- Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.
- Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións.
- Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.
- Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.
- Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva.
- Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
- Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as

- súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.
- Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
 - Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
 - Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
 - Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.
 - Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.
 - Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
 - Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.
 - Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
 - Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.
 - Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES

- Traslada á análise sintáctica o resultado da análise morfolóxica, demostrando a interpretación dos casos, os morfemas verbais, desinencias e outros formantes, e a súa correlación coas funcións.
- Interpreta e traduce frases sinxelas e de dificultade progresiva, simples e compostas, con formas verbais non persoais.

COMPETENCIAS CLAVE: CCL

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE

Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización

TEMPORALIZACIÓN: 25 sesións

OBXECTIVOS: a/ b/ c/ g/ h/ l/ m/ ñ

CONTIDOS:

- Períodos da historia de Grecia.
- Organización política e social de Grecia.
- A familia.

- Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos.
- Mitoloxía e relixión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
- Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia.
- Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
- Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade.
- Coñecer os principais deuses da mitoloxía.
- Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
- Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais.
- Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.
- Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.
- Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
- Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pónndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
- Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.
- Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.
- Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.
- Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.
- Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
- Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.
- Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
- Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa

cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época.

- Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
- Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
- Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES

- Elabora textos coherentes sobre a historia de Grecia, dende a época cretense ata a romana, indicando os principais acontecementos e persoaxes destacados.
- Sitúa nun eixo cronolóxico os distintos períodos da historia de Grecia e os principais feitos.
- Define os principais sistemas políticos gregos e ponos en relación coa actualidade.
- Describe a sociedade grega utilizando termos axeitados.

COMPETENCIAS CLAVE: CCL, CSC, CCEC, CSIEE, CMCCT

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, TIC, EC, RC

Bloque 6. Textos

TEMPORALIZACIÓN: 20 sesións

OBXECTIVOS: d/ e / f/ g/ i

CONTIDOS:

- Iniciación ás técnicas de tradución.
- Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.
- Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia.
- Lectura comprensiva de textos traducidos.
- Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.
- Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.
- Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de

dificultade progresiva.

- Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos.
- Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia, e establecer semellanzas e diferenzas.
- Realizar, a través dunha lectura comprensiva, análise e comentario do contido e da estrutura de textos gregos orixinais, adaptados ou traducidos.
- Realizar pequenos coloquios en grego con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
- Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
- Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.
- Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.
- Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.
- Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.
- Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
- Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Utiliza a análise morfolóxica e sintáctica como instrumento para acadar a tradución de textos gregos de pequena dificultade
- Compara as estruturas básicas da lingua propia coas da lingua grega, aplicando esta comparación á análise e comprensión de textos sinxelos
- Utiliza o dicionario como instrumento para acadar a tradución de textos de pequena dificultade
- Fai unha lectura comprensiva, localizando o tema principal e distinguindo as partes de textos de pequena dificultade
- Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre un texto acordado.

COMPETENCIAS CLAVE: CCL

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE, TIC, EC, RC

Bloque 7. Léxico

TEMPORALIZACIÓN: 10 sesións

OBXECTIVOS: e / f

CONTIDOS:

- Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos.
- Descomposición de palabras nos seus formantes.
- Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.
- Identificación de lexemas, sufixos e prefixos gregos usados na lingua propia.
- Familias léxicas e etimolóxicas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.
- Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.
- Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.
- Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.
- Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou léxica.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.
- Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.
- Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.
- Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.
- Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.
- Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.
- Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou léxica.

GRAO MÍNIMO DE CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES:

- Identifica o concepto de helenismo e recoñece helenismos na lingua propia
- Descompón os formantes de helenismos compostos ou con morfemas derivativos ata acadar o seu significado total ou parcial
- Transcribe correctamente palabras gregas na lingua propia
- Relaciona familias de palabras cunha mesma raíz grega

COMPETENCIAS CLAVE: CCL

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EOE

4. Instrumentos de avaliación

1. Notas de clase derivadas do traballo persoal encomendado para a casa e do realizado na clase.
2. Traballos en grupo sobre cuestións relacionadas coa cultura e civilización gregas.
3. Traballos individuais derivados de actividades extraescolares.
4. Participación no blog do departamento, respondendo a cuestións alí presentadas.
5. Probas obxectivas: levaranse a cabo ó fin de cada bloque de contidos e terán os seguintes apartados:
 - Exercicios relacionados cos contidos lingüísticos -separados en: morfoloxía nominal, verbal, pronominal, sintaxe e tradución-. Suporá o 70% da cualificación da proba.
 - Exercicios relacionados cos contidos de cultura e civilización. Suporán o 20% da cualificación da proba.
 - Exercicios de transcripción e helenismos. Suporá o 10% restante.

5. Criterios de cualificación

NOTAS DE CLASE	10%
NOTA MEDIA DAS PROBAS OBXECTIVAS DO TRIMESTRE (excepto a última). Nos exames indícarase a puntuación de cada cuestión.	30%
NOTA DA ÚLTIMA PROBA OBXECTIVA DO TRIMESTRE. No exame indícarase a puntuación de cada cuestión.	50%
NOTAS DOS TRABALLOS (blog, traballos individuais ou de grupo, traballos actividades extraescolares)	10% da nota total. As intervencións no blog do departamento valoraranse cun máximo de 0,25 pto. cada uha, ata un máximo de 1 pto.
RECUPERACIÓNS.	- Cada trimestre serve de recuperación dos anteriores –adquisición progresiva de coñecementos-.

6. Metodoloxía didáctica

Debido á incerteza deste curso sinalada no apartado “Contextualización”, é preciso contemplar a metodoloxía que se empregará en caso de:

-Actividade lectiva NON PRESENCIAL

-Actividade lectiva SEMIPRESENCIAL

Este cambio de metodoloxía aparece recollido no apéndice desta programación adicado ós cambios derivados da situación sanitaria.

Se a actividade lectiva se desenvolvese todo o curso con normalidade, é dicir, de modo PRESENCIAL, manterase a metodoloxía aplicada en cursos anteriores e que se reflexa a continuación.

Os principios xerais da aprendizaxe significativa e construtiva -o alumnado é o construtor do seu propio coñecemento, relacionando os os conceptos novos e mediante o establecemento de vínculos sustantivos e non arbitrarios entre o novo contido e que xa se coñece-, e a distinta forma de aprender distintos tipos de contidos, condicionarán a metodoloxía que se vai aplicar nesta materia.

Dende o primeiro día fomentárase a participación na clase, para que o alumnado non sexa un receptor pasivo de información; buscarase que sexa el quen deduza por si mesmo os coñecementos que despois o profesor concretará.

Seguindo o método de aprendizaxe das linguas modernas, trataremos de achegar o alumnado á lingua grega antiga como un camiño para comprender e expresarse nesa lingua e na súa continuación no tempo, o grego moderno. Para iso, recurriremos constantemente ós exemplos actuais que nos proporciona o mundo grego actual.

A abundancia de exemplos e de práctica sobre o texto grego, aínda que nun principio sexa de difícil comprensión, serán a base sobre a que se asente o desenvolvemento das clases.

Ademais do traballo diario co libro de texto, daráselle ós alumnos material complementario que deberá traballar pola súa conta, coa correspondente corrección e explicación por parte da profesora.

Os temas de cultura e civilización serán elaborados, en parte, polo propio alumno a partir dos textos proporcionados pola profesora (maioritaria, pero non exclusivamente traducidos), extraídos convenientemente de autores gregos. Así mesmo a profesora facilitaralles outros materiais ou a bibliografía onde atopar información complementaria.

Con isto preténdese que o alumno comprenda de que xeito obtemos os datos sobre unha civilización antiga e que se familiarice co manexo de fontes de distinto tipo (literarias, arqueolóxicas, artísticas...).

Tendo presente o plan para a integración e potenciación das TICS, especialmente no contexto xa descrito, este departamento manterá activo o blog de aula no que se recolle abundante material que se seguirá a usar durante este curso para manter contacto permanente co alumnado, propoñer actividades, facilitar información complementaria, etc.

Asemade potenciarase o uso da **aula virtual** como prolongación da aula física, tanto se se mantén o ensino PRESENCIAL, como se cumprise modificalo a SEMIPRESENCIAL ou incluso NON PRESENCIAL. Este entorno permítenos manter contacto permanente co alumnado e ter sempre a disposición os recursos para a aprendizaxe que pretendemos.

Por último, dentro do apartado de potenciación das TICS, teremos activo **webex** para videoconferencias. Este recurso será de uso recorrente especialmente de pasarmos ó ensino NON PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL, pero non se descarta o uso ocasional no contexto PRESENCIAL.

7. Materiais e recursos didácticos

- Libro de texto da editorial Oxford University Press.
- Fondos bibliográficos da biblioteca do centro. Trataremos de utilizar a biblioteca coma unha prolongación da aula.
- Recursos de internet: blog do departamento e outros blogs especializados, aula virtual (nela recóllense todos os materiais de referencia e complementarios de uso en todas os modelos posibles de ensino PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL, NON PRESENCIAL), portais de videos, presentacións, buscadores...
- Dicionarios na rede: <https://www.dicciogriego.es/index.php>
<http://stephanus.tlg.uci.edu/lsg/#eid=1>
- Textos en rede:
 - Perseus: <http://www.perseus.tufts.edu/hopper/collection?collection=Perseus:collection:Greco-Roman>
 - Archive: <https://archive.org/details/corpusparoemiog00unkngoog/page/n391/mode/2up>

8. Procedemento para a avaliación inicial

Debido ó número reducido do grupo e a que a materia é nova para o alumnado, procederase a unha avaliación individualizada, por medio da interacción nas dúas primeiras semanas do curso, sobre:

- Coñecementos previos sobre a materia
- Coñecementos básicos de tipo lingüístico
- Capacidade de expresión oral e escrita

Ó cabo desas dúas semanas realizarase unha proba escrita sobre o tratado na clase nese tempo, para ter unha constancia obxectiva que se sumará ás apreciacións diarias.

Non procede ningún PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN debido a que non hai continuidade de materia do ano anterior.

9. Procedemento de avaliación continua

Ó longo do curso levarase a cabo un control continuado do progreso do alumnado mediante os instrumentos de avaliación xa mencionados.

Todo isto servirá de elemento evaluador da asimilación de contidos da materia e de comprobación de consecución de obxectivos.

Valorarase o traballo diario individual e en grupo, a participación, a actitude e o bo comportamento.

A superación dunha avaliación implicará a avaliación positiva da anterior, xa que o coñecemento dunha lingua vaise producindo de forma progresiva, e no aspecto cultural, tamén é preciso ter uns coñecementos previos para seguir avanzando.

10. Procedemento de avaliación extraordinaria

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acadou cualificación positiva na convocatoria de xuño.

Na data de setembro que acorde o centro educativo realizárase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promoción de curso, levará a materia pendente.

As probas de recuperación extraordinarias terán como contidos mínimos os incluídos na presente programación e á disposición da Comunidade Educativa na Xefatura de Estudos do Centro. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.

11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Despois de cada unidade didáctica, o profesor analizará e evaluará o proceso ensino-aprendizaxe, co fin de observar:

- a adecuación dos materiais
- a adecuación dos procedementos
- a temporalización
- outras cuestións.

Utilizaremos as seguintes rúbricas para a autoavaliación do profesorado:

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuenciar de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando		

<p>actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.</p>		
<p>6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.</p>		
<p>7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.</p>		

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

INDICADORES	VALORACIÓN
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.	
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.	
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.	
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.	
7. Promove a reflexión dos temas tratados.	

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		

	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Formula actividades en grupo e individuais.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.		

12. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica

Neste apartado pretendemos promover a reflexión e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS QUE SE AVALÍAN	ASPECTOS DESTACABLES	ASPECTOS QUE DEBEN MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinarietà			

GREGO II

2º de Bacharelato

1. Introducción

Neste nivel, o desenvolvemento da programación vén marcado pola necesidade de adecuar o marco legislativo á concreción que esixe a necesidade de enfrontarse a un exame externo, como é a ABAU. A día de hoxe, aínda non se informou das competencias que se van avaliar nin do modelo de exame.

Na selección de textos para traducir e analizar, así como nos temas de cultura e civilización, tomaremos como referencia as indicacións da CIUG no curso anterior, sen prexuízo de cumprimento do obxectivo primordial: acceder directamente ós textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, e a través deles ó denominado legado clásico.

2. Contextualización

O contexto extraordinario e inestable derivado da situación sanitaria (Covid 19) vai determinar a elaboración e aplicación desta programación.

Por unha parte, partimos dunha situación na que o alumnado non adquiriu todas as aprendizaxes no curso anterior polo que será preciso facer axustes curriculares segundo as necesidades do grupo e tamén as individuais derivadas dos resultados da avaliación inicial, alomenos, durante o primeiro trimestre deste curso.

Asemade, contémpanse tres posibles escenarios, que a día de hoxe é imposible concretar, debido á situación sanitaria cambiante e imprevisible: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Por iso, é preciso prever as adaptacións necesarias para o ensino non presencial ou semipresencial identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Con esta perspectiva, darase preferencia ás actividades que utilicen recursos dixitais, xa que estas pódense adaptar ó ensino presencial e non presencial, tanto para o traballo en grupo coma individual.

Todas estas circunstancias excepcionais, vense favorecidas polas características do alumnado das materias asignadas a este departamento, xa que se trata de grupos reducidos o que xa, en circunstancias normais, permitía una metodoloxía máis dinámica e personalizada.

O desenvolvemento extraordinario do curso anterior, fai preciso identificar as APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS tanto como grupo, como individualmente. Isto farase nas dúas primeiras semanas do curso e de aí derivarase un PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

3. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais

Con respecto á secuenciación e temporalización dos contidos teremos en conta o seguinte:

- En cada bloque de contidos aparece indicado o número de sesións que se lle adicarán e a avaliación ou avaliacións nas que se tratarán, aínda que non se correspondan con sesións completas de clase, xa que, según se indica na metodoloxía, procurárase introducir temas de cultura e civilización entre os de lingua e léxico.
- O tempo adicado a cada bloque temático corresponde co peso na calificación final: 70% contidos lingüísticos -bloques 1,2,3 e parte do 5-, 30% contidos de literatura, contexto histórico e léxico -bloque 4, 6 e parte do 5-.

Grego II. 2º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de cumprimento de estándares	Competencias clave	Contidos transversais	Temporalización Avaliación
Bloque 1. Lingua grega							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 25% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC 	CL, EOE, TIC, EC, PLUR.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3 ses. ▪ 1ª Avaliac.
